

O GOZO DAS DAMAS



O GOZO DAS DAMAS

Émile Zola

Tradución de Celia Recarey Rendo



Irmás Cartoné, 2015
Título orixinal: *Au Bonheur des Dames*
Tradución: Celia Recarey Rendo
Deseño de cuberta: Carlos Valdés García
Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica

ISBN: 978-84-942570-7-0
Dep. Legal: C 1853-2015

www.irmascartone.com



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

~ I ~

Denise viñera a pé desde a estación de Saint-Lazare, onde o tren de Cherburgo a deixara cos seus dous irmáns tras unha noite pasada sobre a dura banquetta dun vagón de terceira. Levaba da man a Pépé e Jean seguíaa, os tres baldados da viaxe, pamos e perdidos no medio do vasto París, co nariz levantado cara ás casas, preguntando en cada esquina pola rúa Michodière, onde vivía o seu tío Baudu. Mais ao chegar por fin á praza Gaillon, a moza parou en seco inesperadamente.

—Oh —dixo—, mira para aí, Jean!

E ficaron alí chantados, aconchegados os uns aos outros, todos de negro, acabando de gastar as vellas roupas do loito de seu pai. Ela, cativa para os seus vinte anos, de aspecto pobre, levaba un paquete lixeiro, mentres que, do outro lado, o irmán pequeno, de cinco anos de idade, se colgaba do seu brazo e, tralo seu ombreiro, o irmán grande, cos seus dezaséis florecentes anos, ficaba de pé, cos brazos colgando.

—Que ben —retomou tras un silencio—, velaí unha tenda!

Era, na esquina da rúa Michodière coa rúa Neuve-Saint-Augustin, unha tenda de novidades cun escaparate que estoupaba en vivas cores no calmo e pálido día de outubro. Deron as oito en Saint-Roch, non había polas rúas máis que o París matinal: os

oficinistas que acudían aos seus despachos e as serventas que facían as compras. Diante da porta, dous dependentes, subidos nunha es- queira dobre, remataban de pendurar panos de la mentres nunha vitrina da rúa Neuve-Saint-Augustin outro tendeiro, axeonllado e de costas, pregaba delicadamente unha peza de seda azul. A tenda, baleira de clientas e co persoal chegando aínda, cantaruxaba por dentro como unha colmea a espertar.

—Recoiro! —dixo Jean—. Isto deixa a Valognes en vergoña... A túa non era tan bonita.

Denise asentiu coa cabeza. Pasara dous anos alá, en cas Cornaille, o principal comerciante de novidades da vila, e aquela tenda que atoparan de súpeto, aquela casa enorme para ela, inchoulle o corazón; emocionada e chea de curiosidade, esqueceuse do resto. Na fachada que daba á praza Gaillon, a gran porta, toda de vidro, alzábase até o entresollado nunha profusión de ornamentos reple- tos de dourados. Dúas figuras alegóricas, dúas mulleres rindo co colo espido e estirado cara atrás, despregaban a enseña: O Gozo das Damas. Despois as vitrinas perdíanse, estendéndose ao longo da rúa Michodière e da rúa Neuve-Saint-Augustin, onde ocupaban, ademais do edificio da esquina, outras catro casas, dúas á esquerda, dúas á dereita, recentemente compradas e acondicionadas. Era un desenvolvemento que lle parecía non ter fin, na fuga da perspec- tiva, cos escaparates do primeiro andar e os espellos sen azougue do entresollado, tras dos cales se vía toda a vida interior dos depar- tamentos. No alto, unha señorita vestida de seda afiaba un lapis mentres onda ela outras dúas despregaban abrigos de veludo.

—O Gozo das Damas —leu Jean co seu riso tenro de bo mozo que xa tivera unha historia cunha muller en Valognes—. É bonito, eh? Iso é o que debe facer andar o mundo!

Pero Denise seguía absorba diante do expositor da porta cen- tral. Había alí, en plena rúa, sobre a calzada mesma, un alude de

O Gozo das Damas

mercancías a bo prezo, a tentación da porta, as ocasións que facían parar as clientas ao pasar. Aquilo viña de arriba: pezas de la e de pano meiriño, chevots e moletóns caían do entresollado, flotando como cortinas cuxos tons neutros (gris pizarra, azul mariño, verde oliva) eran interrompidos polas cartolinas brancas das etiquetas. A un lado, enmarcando o limiar, colgaban igualmente peles en grandes anacos e en bandas estreitas para enfeitar vestidos: a cinza fina dos lombos de petigrís, a neve pura dos ventres de cisne, os pelos de coello do falso armiño e a falsa marta. Despois, abaixo, nas mesas, no medio dunha morea de retallos, rebordaban artigos de punto que se vendían por un nada: luvas e toucas de la calcetada, capelos, coletes, todo un expositor de inverno, de cores mesturadas, sarpintadas, raiadas, con manchas de vermello sanguento. Denise veu un tartán a corenta e cinco céntimos, bandas de visón americano a un franco, e mitóns a cinco cadelas. Era un xigantesco torrente de mercancías; a tenda parecía rebentar e deitar o seu exceso de carga na rúa.

O tío Baudu quedara no esquecemento. Até Pépé, que non soltaba a man de súa irmá, abría uns ollos enormes. Un coche obrigounos aos tres a saír do medio da praza e, maquinaalmente, colleron a rúa Neuve-Saint-Augustin e seguiron os escaparates, deténdose novamente diante de cada exposición. Primeiro foron seducidos por unha complexa composición: arriba, varios paraugas colocados oblicuamente parecían formar un teito de cabana rústica; abaixo, medias de seda colgadas dunhas varas exhibían os perfís redondeados dos xarretes, unhas sementadas de ramos de rosas, outras de todas as cores, as negras para o día, as vermellas con bordados no calcañar, as de cor carne cunha trama satinada da suavidade dunha pel loira; finalmente, sobre o pano da estantería había luvas tiradas simetricamente, cos dedos estirados, a palma estreita de virxe bizantina e esa elegancia tesa e como adolescente dos tecidos femininos que aínda nunca foron postos. Pero a derradeira vitrina cativounos por riba de todas

as demais. Despregábase nela unha exposición de sedas, saténs e veludos nunha gama dúctil e vibrante, cos tons máis delicados das flores: no cumio, os veludos, dun negro profundo, dun branco de leite callado; máis abaixo, os saténs de tons rosados, azuis de vivos tornasois que decoloraban en palideces dunha tenrura infinita; máis abaixo aínda, as sedas en toda a gama do arco da vella, pezas reviradas como cunchas, pregadas arredor dun van que se arquea, cobrando vida baixo os dedos sabios dos dependentes e, entre cada motivo, entre cada frase coloreada do expositor, corría un acompañamento discreto: o lixeiro cordón francido dun pano cor crema. Era alí, nos dous extremos, onde se atopaban, en colosais moreas, as dúas sedas das que a casa tiña propiedade exclusiva, o Gozo de París e o Coiro de Ouro, artigos excepcionais que ían revolucionar o comercio de novidades.

—Oh, esa sarga de seda a cinco francos con sesenta! —murmurou Denise, abraída ante o Gozo de París.

Jean comezaba a aburrirse. Detivo a un transeúnte.

—A rúa Michodière, señor?

Cando lla indicaron, a primeira á dereita, volveron sobre os seus pasos todos tres, rodeando a tenda. Pero ao entrar na rúa, Denise volveuse ver atrapada por unha vitrina onde estaban expostas prendas de confección para damas. En cas Cornaille, en Valognes, encargábase especialmente das prendas de confección. Nunca vira cousa coma aquela; a admiración cravouna á calzada. Ao fondo, un gran mantón de encaixe de Bruxas, dun prezo considerable, estendíase tal o veo dun altar, con dúas ás de rosada brancura despregadas; dous volantes de punto de Alençon atopábanse tendidos como guirlandas; e logo caían a cachón, como unha avalancha de neve, unha manchea de encaixes de todas as clases: os de Malines, os de Valenciennes, as aplicacións de Bruxelas, os venecianos. A dereita e esquerda, pezas de tea vestían

O Gozo das Damas

unhas columnas escuras que lle daban máis profundidade a aquel remoto tabernáculo. E alá estaban as prendas de confección, naquela capela erixida para o culto á elegancia feminina; ocupando o centro, un artigo fóra de serie, un abrigo de veludo con enfeites de raposo prateado; a un lado, un manguito de seda forrado de petigrís; ao outro, un gabán de pano de la enfeitado con plumas de galo; e finalmente, sobretodos de caxemira branca, de guata branca, con reberetes de cisne ou de felpa. Había para todos os antollos, desde os sobretodos a vinte e nove francos até o abrigo de veludo a dezaioito centos de francos. Os peitos redondos dos manequíns inchaban o tecido, as coxas rexas esaxeraban a finura do van, a cabeza ausente era substituída por unha gran etiqueta espetada cun alfinete no moletón vermello do pescozo, mentres que os espellos, colocados a ambos lados da vitrina nun calculado xogo, os reflectían e multiplicaban sen fin, poboando a rúa con aquelas belas mulleres á venda que lucían prezos en grandes números no canto de cabezas.

—Son estupendas! —murmurou Jean, que non atopara mellor cousa que dicir para expresar a súa emoción.

De súpeto, el mesmo ficara inmóbil, coa boca aberta. Todo aquel luxo da muller ruborizábao de pracer. Posuía a beleza dunha moza, unha beleza que parecía terlle roubado a súa irmá, coa pel resplandecente, o cabelo roxo e crecho, os labios e os ollos húmidos de tenrura. A carón del, no seu abraio, Denise parecía máis fraca aínda, coa súa cara longa de boca demasiado grande, a pel xa fatigada baixo a súa cabeleira pálida. Pépé, tamén louro, dun louro infantil, aconchegouse máis contra ela, como posuído por unha necesidade inqueda de aloumiños, turbado e enfeitizado polas belas damas da vitrina. Resultaban tan singulares e encantadores sobre a calzada aqueles tres rapaces louros pobremente vestidos de negro, aquela moza triste entre aquel neno tan bonito e aquel mozo gallardo, que os transeúntes se volvían cara a eles cun sorriso.

De pé na porta dunha tenda, do outro lado da rúa, un home groso de cabelos brancos e grandes fazulas amarelas mírabaos desde había un anaco. Estaba alí, cos ollos inxectados en sangue, a boca contraída, fóra de si polos expositores do Gozo das Damas cando a visión da rapaza e dos seus irmáns o acabou de alporizar. Que facían aqueles tres pailáns coa boca aberta diante daqueles telderetes de falabarato?

—E o tío? —observou Denise bruscamente, como se acordase sobresaltada.

—Estamos na rúa Michodière —dixo Jean—, debe de vivir por aquí.

Levantaron a cabeza, xiráronse. Entón, xusto diante deles, encima do home groso, percibiron un letreiro verde cuxas letras amarelas distinguían baixo a chuva: «O Vello Elbeuf, panos e flanelas, Baudu, sucesor de Hauchecorne». A casa, recuberta dun encalado vello e comesto, toda eslamiada no medio das grandes casonas estilo Luís XIV coas que lindaba, non tiña máis ca tres fiestras de fachada; e esas fiestras, cadradas, sen persianas, estaban simplemente adornadas por unha varanda de ferro, composta por dúas barras en cruz. Pero naquela nudez o que máis impresionou a Denise, que aínda traía os ollos cheos dos luminosos expositores do Gozo das Damas, foi a tenda da planta baixa, de teito afundido, coroada por un entresollado moi baixo, con fiestras carcerarias en forma de media lúa. Un moble de madeira da cor da enseña, un verde botella ao que o tempo lle puxera matices de ocre e de alcatrán, cubría, a dereita e esquerda, dúas vitrinas fondas, negras, poeirentas, onde se distinguían vagamente pezas de tea amoreadas. A porta, aberta, parecía conducir ás tebras húmidas dunha cova.

—É aí —dixo Jean.

O Gozo das Damas

—Moi ben! Pois hai que entrar —declarou Denise—. Veña, vamos, Pépé.

Mais todos tres se turbaron, posuídos pola timidez. Cando seu pai morrera, levado pola mesma febre que levara a súa nai un mes antes, o tío Baudu, na emoción daquel duplo loito, escribíralle á súa sobriña que sempre habería na súa casa un lugar para ela cando quixese probar fortuna en París. Pero aquela carta remontábase a había perto dun ano e a rapaza arrependíase agora de abandonar así Valognes, nunha arroutada, sen avisar ao seu tío. Este non os coñecía de nada, pois nunca volvera poñer o pé alá desde que marchara sendo ben noviño para entrar de aprendiz de dependente na tenda de tecidos de Hauchecorne, con cuxa filla acabara casando.

—O señor Baudu? —preguntou Denise, decidíndose por fin a dirixirse ao home gordo, que seguía a mirar para eles, sorprendido polos seus xeitos.

—Son eu —respondeu el.

Entón Denise ruborizouse fortemente e balbuciu:

—Ah, que ben!... Eu son Denise, este é Jean e este é Pépé... Xa ve que viñemos, meu tío.

Baudu pareceu ficar estupefacto. Os seus grandes ollos vermellos tremeron no seu rostro amarelo, as súas palabras lentas atrapalláronse. Era evidente que estaba moi lonxe daquela familia que viña de caerlle enriba.

—Como? Como? Velaquí os estades! —repetiu varias veces—. Pero estabades en Valognes!... Por que non estades en Valognes?

Coa súa voz doce, un tanto trémula, ela deulle explicacións. Trala morte do pai, que gastara até o último pataco na súa tinturaría, quedara de nai dos dous rapaces. O que gañaba en cas Cor-

naille non chegaba para comeren os tres. Jean traballaba cun ebanista, un restaurador de mobles antigos, pero non vía un pataco. Porén, gustábanlle os trebellos vellos, tallaba figuras de madeira; até unha vez que atopara un anaco de marfil se divertira facendo unha cabeza que un señor vira ao pasar, e fora xustamente ese señor quen os fixera decidirse a marchar de Valognes ao atoparlle un posto a Jean en París, no obradoiro dun artesán do marfil.

—Xa ve, meu tío, Jean entrará mañá mesmo de aprendiz na casa do seu novo patrón. Non me piden diñeiro, daranlle casa e mantenza... E entón pensei que Pépé e mais eu tamén habíamos dar saído adiante. Peor do que en Valognes non nos pode ir.

O que calaba era a escapada amorosa de Jean, as cartas escritas a unha mociña nobre da vila, os bicos intercambiados por riba dun valado, todo un escándalo que a decidira a marchar; e sobre todo, que acompañaba a seu irmán a París para mirar por el, posuída por terrores maternais diante daquel neno grande tan guapo e tan alegre a quen todas as mulleres adoraban.

O tío Baudu non se daba repostado. Retomou as preguntas. No entanto, ao oíla falar así dos seus irmáns, tratouna de ti.

—Entón teu pai non vos deixou nada? Eu pensaba que aínda tiña algo de diñeiro. Ai! Xa lle aconsellara eu nas miñas cartas que non collese esa tinturaría! Tiña bo corazón, pero sentidiño, ningún!... E así quedaches ti con estes pícaros ao lombo, tendo que manter estes meniños!

O seu rostro bilioso iluminárase, xa non tiña os ollos inxectados en sangue cos que antes miraba para o Gozo das Damas. De súpeto, decatouse de que atracancaba a porta.

—Vamos —dixo—, pasade, xa que viñestes... Pasade para adentro, que vos será mellor que andar a mirar parvadas por aí adiante.

O Gozo das Damas

E, despois de dirixir cara ás vitrinas de en fronte unha última careta de cólera, deixou pasar os rapaces; entrou el primeiro na tenda, chamando pola súa muller e pola súa filla.

—Élisabeth, Geneviève, vide, que hai aquí unhas persoas que vos queren ver!

Pero Denise e os pequenos dubidaron ante as tebras da tenda. Cegados polo pleno sol da rúa, pestanexaron como no limiar dun buraco descoñecido, apalpando o chan cos pés, cun medo instintivo a un chanzo traidor. E, unidos agora por este vago temor, achegándose máis os uns contra os outros, o pequerrecho sempre metido entre as saias da rapaza e o grande atrás, fixeron a súa entrada con nerviosa e sorrinte graza. A claridade matinal recortaba a silueta negra das súas roupas de loito, unha luz oblicua douráballes os cabelos louros.

—Entrade, entrade —repetía Baudu.

Cunhas poucas frases breves, puxo ao corrente á señora Baudu e mais á súa filla. A primeira era unha mulleriña comesta pola anemia, esbrancuxada, co cabelo branco, os ollos brancos, os labios brancos. Geneviève, en quen se agravaba aínda máis a dexeneración de súa nai, tiña a debilidade e a falta de cor propias dunha planta que medrara á sombra. Porén, un magnífico cabelo negro, mesto e pesado, pousado como por milagre naquela carne pobre, dáballe un triste encanto.

—Entrade —dixeron, pola súa vez, as dúas mulleres—. Sodes benvidos.

E mandaron sentar a Denise detrás do mostrador. Deseguida, Pépé subiu no colo de súa irmá, mentres que Jean, apoiado contra un estante, ficaba a carón dela. Tranquilizáronse mirando a tenda, onde os seus ollos se habituaron á escuridade. Agora podían vela, co seu teito baixo e afumado, os seus mostradores

de carballo puídos polo uso, os seus arquivos seculares de fortes ferraxes. Fardos de mercadorías escuras chegaban até as vigas. O cheiro dos tecidos e as tinturas, un cheiro acre a química, parecía enfatizado pola humidade do chan. Ao fondo, dous dependentes e unha señorita colocaban pezas de flanela branca.

—E quererá este homiño pequeno tomar algunha cousiña?
—dixo a señora Baudu dirixíndolle un sorriso a Pépé.

—Non, grazas —respondeu Denise—. Tomamos unha cunca de leite nun café, fronte á estación.

E, como Geneviève miraba para o lixeiro paquete que pousara no chan, engadiu:

—Deixei a nosa maleta alá.

Ruborizouse, comprendeu que non saían da desgraza no mundo. Xa no vagón, en canto o tren saíra de Valognes, sentira un gran remorso e fora por iso polo que, ao chegar, deixara a maleta na estación e fixera almorzar aos rapaces.

—Vexamos —dixo de súpeto Baudu—, falemos un chisco e falemos ben... Eu escribinche, é certo, pero hai un ano, e, mira, miña filla, o negocio apenas se move desde hai un ano...

Detívose, abafado por unha emoción que non quería amosar. A señora Baudu e Geneviève, con expresión resignada, baixaran os ollos.

—Oh! —continuou—, é unha crise que ha de pasar, estouche ben tranquilo... Só que reducín persoal, xa non teño aquí máis que tres persoas, e aínda non chegou o momento de contratar unha cuarta. En fin, non te podó coller como che ofrecera, miña filla.

Denise escoitouno ben atenta, toda pálida. El insistiu, engadindo:

O Gozo das Damas

—Non valería de nada, nin para ti nin para nós.

—Esta ben, meu tío —acabou por dicir ela con pena—. Tratarei de arranxarme igualmente.

Os Baudu non eran mala xente. Pero queixábanse de que nunca tiveran sorte. Nos tempos en que o comercio ía ben, tiveran que criar cinco fillos, dos cales tres morreran aos vinte anos; o cuarto torcérase, o quinto viña de marchar para México, de capitán. E non lles quedaba máis que Geneviève. Aquela familia custáralle moito e Baudu acabara co diñeiro comprando unha gran casa en Rambouillet, na terra do pai da súa muller.

—Estas cousas avísanse —insistiu, anoxándose pouco a pouco pola súa propia dureza—. Podíame escribir e eu responderíache que quedásedes alá... Cando souben da morte de teu pai, carafío!, díxenche o que se adoita dicir. Pero ti plántasteme aquí, sen mandar recado... É moi embarazoso.

Levantou a voz, desafozouse. A súa muller e a súa filla fitaban o chan, no papel de persoas sumisas que non se permitían intervir xamais, mentres que Jean se poñía pálido e Denise apertaba ao aterrado Pépé contra o peito. Deixou caer dúas grosas bágoas.

—Está ben, meu tío —repetiu—. Xa marchamos.

De súpeto, Baudu contívose. Fíxose un silencio incómodo. Despois, volveu falar cun ton seco:

—Non vos vou poñer na porta... Xa que viñestes, podedes durmir arriba esta noite. Despois xa veremos.

Entón, a señora Baudu e mais Geneviève comprenderon, cunha mirada, que podían arranxar as cousas. Organizouse todo. De Jean non había que ocuparse. Canto a Pépé, estaría de marabilla cas da señora Gras, unha vella dama que vivía nun gran apartamento nunha planta baixa da rúa Des Orties, onde acollía rapaces novos en réxime de pensión completa, por corenta fran-

cos ao mes. Denise declarou que tiña con que pagar o primeiro mes. Así que só quedaba ela por colocar. Habíanlle atopar un posto no barrio.

—Non buscaba Vinçard unha vendedora? —dixo Geneviève.

—Vaites! É certo! —exclamou Baudu—. Irémolo ver despois do xantar. Hai que petar no ferro mentres está quente.

Nin un só cliente viñera interromper esta reunión familiar. A tenda seguía escura e baleira. Ao fondo, os dous empregados e mais a señorita seguían co seu labor entre palabras murmuradas e sibilantes. Por fin, entraron tres señoras e Denise ficou soa un instante. Deulle un bico a Pépé cun peso no corazón ante a idea da súa vindeira separación. O neno, mimoso como un gatiño pequeno, agachou a cabeza sen dicir palabra. Cando a señora Baudu e mais Geneviève volveron, atopárono ben formalíño e Denise aseguroulles que nunca facía barullo: pasaba calado días enteiros, a vivir de aloumiños. Entón, até o xantar, falaron as tres dos rapaces, da casa, da vida en París e na provincia, con frases curtas e vagas, como parentes un tanto avergoñadas de non se coñecer. Jean fora para a porta da tenda e non se movía de alí, interesado na vida da rúa, sorríndolles ás mozas bonitas que pasaban.

Ás dez, apareceu unha criada. Polo regular, servíase a mesa para Baudu, Geneviève e o primeiro dependente. Había unha segunda mesa ás once para a señora Baudu, o outro dependente e mais a señorita.

—Á mesa! —berrou o comerciante de tecidos virándose cara á súa sobriña.

E, como xa estaban todos sentados no estreito comedor, na trastenda, chamou polo primeiro dependente, que se demoraba.

O Gozo das Damas

—Colomban!

O mozo escusouse, quería rematar de colocar as flanelas. Era un mozo grande, de vinte e cinco anos, groso e arteiro. O seu rostro honesto, de boca grande e mol, tiña uns ollos astutos.

—Que raios!, hai tempo para todo —dixo Baudu, que, comodamente instalado, cortaba un anaco de carne de vaca fría, con prudencia e habilidade de patrón, pesando as fracas racións a golpe de ollo, case gramo por gramo.

Serviunos a todos, cortou até o pan. Denise sentara a Pépé onda ela, para facelo comer ben. Pero a sala escura inquietábaa; contemplábaa e sentía o corazón encollido, ela que estaba afeita ás habitacións grandes, baleiras e claras da súa provincia. Unha única fiestra daba a un pequeno patio interior, comunicando coa rúa pola entrada negra da casa; e aquel patio enchoupado, cheirento, era como o fondo dun pozo no que caía un redondel de claridade turbia. Os días de inverno había que prender o gas da mañá á noite. Cando o tempo permitía pasar sen el, era máis triste aínda. A Denise fíxolle falla un instante para afacer os ollos e distinguir con suficiente claridade os anacos que tiña no prato.

—Velaí un mancebo de bo dente —declarou Baudu ao ver que Jean xa acabara a súa carne—. Se traballa como come, ha de facer un bo home... Pero ti, miña filla, non comes?... E dime, agora que podemos falar, por que non casaches en Valognes?

Denise soltou o vaso que levaba á boca.

—Ai, meu tío, casar! Que ocorrencia!... E os pequenos?

Acabou botándose a rir, tan estraña lle parecía a idea. Ademais, que home a había querer a ela, sen un pataco, non máis gorda que unha espadela e tampouco bonita? Non, non, ela non había casar nunca, tiña abondo con dous rapaces.

—Trabúcaste —repetía o tío—, unha muller sempre ten falta dun home. Se atoparas un bo rapaz, non acabariades tirados polas rúas de París, ti e mais teus irmáns, como uns bohemios.

Interrompeuse para repartir de novo, cunha parsimonia chea de xustiza, un prato de patacas con touciño que trouxera a criada. Despois, sinalou coa culler a Geneviève e a Colomban:

—Aí tes! —prosegiu—, eses dous casarán na primavera, se a temporada de inverno é boa.

Era o costume patriarcal da casa. O fundador Aristide Finet entregáralle a filla en matrimonio ao seu encargado Hauchecorne; el, Baudu, que desembarcara na rúa Michodière con sete francos no peto, casara coa filla do tío Hauchecorne, Élisabeth e, pola súa vez, tiña mentes de cederlle a súa filla Geneviève e mais a casa a Colomban, en canto o negocio remontase. Se adiaba así un casamento decidido había tres anos era por escrúpulos, por unha teima de actuar con probidade: el recibira unha casa próspera e non quería pasala a mans dun xenro cunha clientela máis cativa e unhas operacións dubidasas.

Baudu continuou falando, presentou a Colomban, que era de Rambouillet, coma o pai da señora Baudu; até había entre eles un parentesco lonxano. Un gran traballador que levaba dez anos traballando arreo na tenda e que tiña ben gañado o posto! Ademais, non era o primeiro que pasara por alí, tiña por pai ao festeiro de Colomban, un veterinario coñecido en toda a provincia de Seine-et-Oise, un artista no seu, pero tan amigo de encher a andorga, que o comía todo.

—Grazas a Deus! —dixo o comerciante de tecidos para concluír—, aínda que o pai bebe e anda de xoldra, o fillo soubo aprender aquí o que vale o diñeiro.

O Gozo das Damas

Mentres falaba, Denise esculcaba a Colomban e a Geneviève. Estaban sentados á mesa o un a carón do outro, pero ficaban ben tranquilos, sen un rubor, sen un sorriso. Desde o día que entrara alí, o mozo contaba con aquel casamento. Pasara polas distintas etapas: mozo dos recados, vendedor asalariado, e fora por fin admitido á confianza e praceres da familia, todo con paciencia, levando unha vida de reloxo, contemplando a Geneviève como un negocio excelente e honrado. A certeza de tela impedíalle desexala. E a moza, pola súa vez, afixérase tamén a amalo, pero coa gravidade da súa natureza contida, e cunha profunda paixón que ela mesma ignoraba na súa existencia monótona e regulada de cada día.

—Cando comprace e se pode. —Creu deber dicir Denise cun sorriso para amosarse amable.

—Si, sempre concluímos iso —declarou Colomban, que aínda non dixera palabra, mastigando lentamente.

Geneviève, despois de lanzar unha longa mirada, dixo pola súa vez:

—Hai que entenderse, despois vai todo só.

O seu cariño agomara naquel baixo do vello París. Era coma unha flor de invernoiro. Desde había dez anos non coñecera a ninguén máis que a el, vivía os días ao seu carón, tralas mesmas moreas de tecidos, ao fondo das tebras da tenda; e, mañá e noite, volvían atoparse cóbado con cóbado no estreito comedor, fresco como un pozo. Non poderían estar máis escondidos, máis perdidos, no medio do campo, entre a follaxe. Só unha dúbida, un temor ciumento debía facerlle descubrir á moza que se entregara para sempre, naquela sombra cómplice, por baleiro de corazón e anoxo de mente.

Porén, Denise crera apreciar unha inquietude nacente na mirada que Geneviève lle lanzara a Colomban. E así respondera, con aire cortés:

—Bah! Cando a xente se quere, sempre se entende.

Pero Baudu supervisaba a mesa con autoridade. Distribuíra unhas rebandas de *brie* e, para agasallar aos seus parentes, pediu unha segunda sobremesa, un tarro de confitura de grosellas, esplendidez que pareceu sorprenden a Colomban. Pépé, até entón moi formalíño, portouse mal diante da confitura. Jean, moi interesado durante a conversa sobre o matrimonio, esculcaba á curmá Geneviève, a quen atopaba demasiado mol, demasiado pálida, e a quen comparou, no fondo do seu ser, cun coelliño branco, coas orellas negras e os ollos vermellos.

—Xa parolamos abondo! Sitio para os outros! —concluíu o comerciante de tecidos dando indicación de levantarse da mesa—. Non hai motivo, cando un se permite un extra, para abusar de todo.

A señora Baudu, o outro dependente e mais a señorita viñeron sentar á mesa na súa quenda. Denise ficou novamente soa, sentada onda a porta, agardando a que seu tío a puidese levar a cas Vinçard. Pépé xogaba aos seus pés, Jean retomara o seu posto de observación, no limiar, e, durante perto dunha hora, a moza interesouse polas cousas que pasaban ao seu redor. De cando en cando entraban clientas: primeiro unha dama, despois outras dúas. A tenda conservaba o seu olor a vello, a súa penumbra onde todo o antigo comercio, modesto e sinxelo, parecía chorar de abandono. Pero velái do outro lado da lúa o que a apaixonaba: o Gozo das Damas, cuxas vitrinas podía ver pola porta aberta. O ceo estaba velado, unha dozura de chuvia atemperaba o aire, a pesar da estación e, naquel día branco en que había como unha

O Gozo das Damas

poeira difusa de sol, os grandes almacéns animábanse en plena venda.

A Denise dá-lle a sensación de ser unha máquina que funcionaba a gran presión e cuxo impulso chegaba até os escaparates. Xa non eran as vitrinas frías de pola mañá, agora parecían quentes e vibrantes pola trepidación interior. A xente mirábaas, as mulleres detíñanse e pegábanse aos cristais, toda unha multitude brutal chea de cobiza. E os tecidos cobraban vida naquela paixón da rúa: os encaixes estremecíanse, caían e ocultaban as profundidades da tenda cun inquietante aire de misterio; as pezas de pano, pola súa parte, respiraban, mestas e cadradas, expulsando un alento tentador, mentres que os gabáns se retorcían aínda máis nos manequíns, que adquirían alma, e o gran abrigo de veludo se inflaba, tépedo e áxil, como sobre ombros de carne e óso, co bater do peito e o bambear dos cadrís. Pero a calor de fábrica que acendía a casa viña sobre todo da venda, da axitación dos mostradores que se sentía detrás das paredes. Era o zunido continuo da máquina a traballar, un cocedoiro de clientas amoreadas diante dos andeis, atafegadas baixo moreas de mercadorías e logo lanzadas á caixa. E todo aquilo regulado, organizado cun rigor mecánico, todo un pobo de mulleres a pasar pola forza e a lóxica das engrenaxes.

Denise resistía a tentación desde pola mañá. Aquela tenda, tan vasta para ela, onde vía entrar nunha hora máis xente da que entraba en cas Cornaille en seis meses, apampábaa e atraíaa; e había no seu desexo de entrar nela un vago temor que acababa de seducila de todo. Ao mesmo tempo, a tenda do seu tío provocáballe unha sensación de malestar. Era un desdén irracional, unha repugnancia instintiva por aquel buraco glacial do antigo comercio. Todas as súas sensacións, a súa entrada nerviosa, a amarga acollida dos seus parentes, o xantar triste baixo unha luz de calabozo, a súa espera no medio da soidade somnolenta

daquela vella casa agonizante resumíanse nunha muda protesta, nunha paixón pola vida e a luz. E, a pesar do seu bo corazón, os seus ollos seguían a dirixirse ao Gozo das Damas, como se a vendedora que había nela precisase volver quentarse coas labaradas daquela gran venda.

—Aí teñen ben de xente, polo menos —deixou escapar.

Mais arrepenhiuse destas palabras ao reparar nos Baudu, que estaban perto dela. A señora Baudu, que rematara de xantar, estaba de pé, toda branca, cos ollos fixos no monstro e, resignada, non era quen de velo, de atopalo así do outro lado da rúa, sen que un mudo desespero lle inchase as pálpebras. Canto a Geneviève, supervisaba con crecente inquietude a Colomban que, sen saberse axexado, ficaba en éxtase coa mirada posta nas vendedoras de prendas de confección cuxo mostrador se vía tralos vidros do entresollado. Baudu, co fel no rostro, limitouse a dicir:

—Non é ouro todo o que reloce. Paciencia!

A familia, evidentemente, tragou a enchente de rancor que lle subía á gorxa. O amor propio impedíalles confiarse tan pronto diante daqueles rapaces chegados aquela mesma mañá. Por fin, o comerciante de tecidos fixo un esforzo e revirouse para subtraerse do espectáculo da venda de en fronte.

—Ben! —retomou—, vaíamos a cas Vinçard. Os postos son contados e quizais para mañá sexa tarde.

Pero antes de saír deulle orde ao segundo dependente de ir á estación buscar a maleta de Denise. Pola súa parte, a señora Baudu, a quen a moza lle confiou a Pépé, decidiu tomar un momento para ir dar unha volta á rúa Des Orties, á casa da señora Gras, para falar a ver se chegaban a un acordo. Jean prometeulle á súa irmá non moverse da tenda.

O Gozo das Damas

—Tardaremos un par de minutos —explicou Baudu mentres baixaba pola rúa Gaillon coa súa sobriña—. Vinçard creou un tipo de seda da que aínda fai negocio. Ai! Ten dificultades, coma todo o mundo, pero éche un raposeiro que non pasa apuros grazas a unha avareza de can... Pero creo que se vai retirar por causa da reuma.

A tenda atopábase na rúa Neuve-des-Petits-Champs, perto da pasaxe de Choiseul. Era limpa e luminosa, dun luxo moi moderno, pero pequena e escasa de mercadorías. Baudu e Denise atoparon a Vinçard en fonda conversa con dous señores.

—Non se molesten —berrou o comerciante de tecidos—. Non temos présa, esperaremos.

E, volvendo por discreción cara á porta, achegouse á orela da moza e engadiu:

—O fraco é segundo encargado no departamento de sedas do Gozo e o gordo é un fabricante de Lyon.

Denise comprendeu que Vinçard gababa a súa tenda diante de Robineau, o dependente do Gozo das Damas. Con aire franco, xesto aberto, dáballe a súa palabra de honra, coa facilidade dun home a quen non lle estorbaban os xuramentos. Segundo el, a súa casa era un negocio de ouro e, na loia da súa excelente saúde, interrompeuse para laiarse, para queixarse daquelas santas dores que o obrigaban a botar a perder a súa fortuna. Pero Robineau, nervioso e axitado, interrompeuno, impaciente: sabía da crise que atravesaban as novidades, mencionou un tipo de seda matoado xa pola proximidade do Gozo. Vinçard, acalorado, levantou a voz.

—Home, claro! A ruína do gran paifoco de Vabre era vista. A muller papáballe todo... Ademais, nós estamos aquí, a máis

de cincocentos metros, mentres que Vabre se atopaba porta con porta co outro.

Entón Gaujean, o fabricante de seda, interveu. Baixaron as voces de novo. El acusaba aos grandes almacéns de arruinar a manufactura francesa: tres ou catro ditaban a lei, eran reis e señores do mercado e deu a entender que a única maneira de combatilos era favorecer o pequeno comercio, sobre todo o especializado, a quen pertencía o porvir. Por iso lle ofrecía grandes créditos a Robineau.

—Mire como se comportou o Gozo con vostede! —repetía—. Sen ter en conta os servizos prestados, son máquinas de explotar xente!... Había moito que lle tiñan prometido o posto de encargado e foi Bouthemont, que viña de fóra e non tiña título ningún, e conseguiuo de vez.

Robineau aínda tiña en carne viva a ferida desa inxustiza. Porén, dubidaba en establecerse pola súa conta, explicaba que o diñeiro non saía del; era a súa muller quen herdara sesenta mil francos e amosábase cheo de escrúpulos diante daquela cantidade; preferiría, dicía, cortar as dúas mans antes que comprometerla nun mal negocio.

—Non, non estou decidido —acabou por concluír—. Déixeme un tempo de reflexión, volveremos falar do asunto.

—Como queira —dixo Vinçard ocultando a súa decepción baixo un aire benevolente—. A min non me interesa vender. Vaia, sen estas dores...

E volvendo ao medio da tenda:

—En que lle podo axudar, señor Baudu?

O comerciante de tecidos, que estivera a escoitar cunha orella, presentoulle a Denise, contou o que lle pareceu da súa historia, dixo que traballara dous anos en provincias.

O Gozo das Damas

—E como vostede busca unha boa vendedora, segundo me dixeron...

Vinçard afectou unha gran desesperación.

—Ai! Tamén é mala sorte: botei oito días a buscar unha vendedora. Pero veño de coller unha non lle hai nin dúas horas.

Fíxose un silencio. Denise parecía consternada. Entón, Robineau, que a miraba con interese, compadecéndose sen dúbida do seu pobre aspecto, permitiuse facerlle unha indicación.

—Eu sei que no noso establecemento fai falla alguén, no departamento de confección.

Baudu non puido conter o berro que lle saía do corazón;

—No seu establecemento! Ai, si, érache boa!

Despois ficou avergoñado. Denise puxérase toda colorada: entrar naqueles grandes almacéns... xamais se atrevería! E a idea de traballar alí encheuna de orgullo.

—E por que, logo? —respondeu Robineau, sorprendido—. Sería, pola contra, unha oportunidade para a señorita... Aconséllolle que se presente mañá pola mañá ante a señora Aurélie, a encargada. O peor que lle pode pasar é que non a collan.

O comerciante de tecidos, para ocultar a súa indignación, lanzouse a emitir frases vagas: coñecía á señora Aurélie, ou polo menos ao seu marido, Lhomme, o caixeiro, un gordo a quen un ómnibus lle arrincara o brazo dereito. A continuación, volvéndose bruscamente cara a Denise:

—Ademais, é cousa dela, non miña... É ben libre.

E saíu, tras despedirse de Gaujean e de Robineau. Vinçard acompañouno á porta, renovando a expresión das súas desculpas. A moza ficara no medio da tenda, intimidada, desexando

obter do dependente información máis detallada. Mais non ousou pedila. Despediuse pola súa vez e dixo simplemente:

—Grazas, señor.

Na rúa, Baudu non lle dirixiu a palabra á sobriña. Camiñaba apurado, obrigándoa a correr, como levado polas súas reflexións. Na rúa Michodière dispoñíase a entrar na casa cando un tendeiro veciño, parado diante da porta, o chamou cun aceno. Denise detívose a esperalo.

—Que foi, tío Bourras? —preguntou o comerciante de tecidos.

Bourras era un vello grande con cara de profeta, peludo e barbudo, cuns ollos penetrantes baixo unhas grosas cellas enriedelladas. Tiña un comercio de bastóns e paraugas, botaba remedies, até esculpía as empuñaduras, cousa que lle fixera gañar sona de artista no barrio. Denise botou unha ollada ás vitrinas da tenda, onde paraugas e bastóns se aliñaban en filas regulares. Pero levantou a vista e a casa que a cubría abraiouna: unha casoupa atrapada entre o Gozo das Damas e un gran hotel estilo Luís XIV, metida non se sabía como naquela fenda estreita ao fondo da cal se apertaban os seus andares de escasa altura. Sen os apoios de dereita e esquerda, caería: as tellas da cuberta estaban tortas e podres, a fachada de dúas fiestras, atravesada por gretas que deitaban longas manchas de ferruxe sobre a madeira medio comesta do letreiro.

—Sabe que lle escribiu ao propietario para comprar a miña casa? —dixo Bourras mirando fixamente ao comerciante de tecidos cos ollos en chamas.

Baudu tornouse aínda máis pálido e engruñou os ombros. Houbo un silencio; os dous homes ficaron cara a cara, con xesto profundo.

O Gozo das Damas

—Hai que esperar calquera cousa —murmurou por fin.

Entón, o vello alporizouse, sacudiu a cabeleira e o río da súa barba:

—Que compre a casa, ha pagar catro veces o que vale!... Pero xúrolle que, mentres eu viva, non ha tocar unha pedra. Aínda me quedan doce anos de contrato... Xa veremos, xa veremos!

Era unha declaración de guerra. Bourras virouse cara ao Gozo das Damas, que nin un nin outro nomeara. Por un intre, Baudu asentiu en silencio coa cabeza, despois cruzou a rúa para entrar na súa casa, coas pernas crebadas, repetindo unicamente:

—Ai, Deus!... Ai, Deus!...

Denise, que os escoitara, seguiu ao seu tío. A señora Baudu volvíaa tamén con Pópé e, deseguida, dixo que a señora Gras collería o rapaz cando quixeran. Pero Jean desaparecera, cousa que preocupou á súa irmá. Cando volveu, co rostro animado, falando con paixón do bulevar, ela mirouno cun xesto triste que o fixo ruborizarse. Leváranlles a maleta, durmirían arriba, no faiado.

—A propósito, que tal en cas Vinçard? —preguntou a señora Baudu.

O comerciante de tecidos relatou as súas inútiles xestións, e logo engadiu que lle indicaran un lugar á súa sobriña e, co brazo tendido cara ao Gozo das Damas nun xesto de desprezo, soltou estas palabras:

—Velaí! Alá dentro!

Toda a familia quedou doída. No serán, a primeira mesa poñíase ás cinco. Denise e mais os dous rapaces retomaron os seus postos, con Baudu, Geneviève e Colomban. Un quinqué de gas iluminaba o pequeno comedor onde se atoaba o olor a comida. A cea foi silenciosa. Pero, á sobremesa, a señora Baudu, que non

podía parar quieta, marchou da tenda para vir sentar detrás da súa sobriña. E entón a marea contida desde a mañá encheu, e todos se desafogaron abordando a cuestión.

—É cousa túa, es ben libre —repetiu Baudu—. Non queremos influír na túa decisión... É só que... se soubeses como é esa casa!

Mediante frases inacabadas foille contando a historia do tal Octave Mouret. Tivera todas as oportunidades! Un mozo chegado a París desde o Midi, coa audacia amable dun aventureiro e, desde o primeiro día envolto en asuntos con mulleres, unha continua explotación da muller, o escándalo dun delito flagrante do que o barrio aínda falaba; e logo a repentina e inexplicable conquista da señora Hédouin, que lle dera o Gozo das Damas.

—A pobre Caroline! —interrompeu a señora Baudu—. Era algo parente miña. Ai! Se vivise, as cousas habían ser doutra maneira. Non había deixar que nos asasinasen... Foi el quen a matou. Si, nesas obras! Unha mañá, estando de visita nas obras, caeu por un buraco. Tres días despois, morreu. Ela, que nunca estivera enferma, que tiña tanta saúde, tanta beleza!... Hai sangue de Caroline baixo as pedras desa casa.

A través das paredes, indicou os grandes almacéns coa súa man pálida e trémula. Denise, que escoitaba como se escoita un conto de fadas, sentiu un lixeiro arrepío. O medo que había, desde pola mañá, no fondo da tentación que se lle presentaba viña quizais do sangue daquela muller que agora cría ver na argamasa vermella do subsolo.

—Até parece que iso lle dá gusto —engadiu a señora Baudu sen nomear a Mouret.

Pero o comerciante de tecidos encolleu os ombros desdeñando aqueles contos de vellas. Retomou a súa historia, explicou a

O Gozo das Damas

situación comercial. O Gozo das Damas fora fundado en 1822 polos irmáns Deleuze. Á morte do máis vello, a filla, Caroline, casara co fillo dun fabricante de tecidos, Charles Hédouin e, máis tarde, ao quedar viúva, casara con Mouret. Ela deulle, por tanto, a metade da tenda. Tres meses despois do casamento, o tío Deleuze finaba pola súa vez sen fillos; de maneira que, cando Caroline deixara os ósos nos cimentos, o tal Mouret quedara de único herdeiro, único propietario do Gozo. Todas as oportunidades!

—Un home cheo de ideas, un argalleiro que ha cambiar de todo o barrio, se se lle deixa! —continuou Baudu—. Eu penso que Caroline, que tamén era un pouco noveleira, debeuse deixar levar polos proxectos extravagantes do señor... En poucas palabras, convenceuna de que comprase a casa da esquerda, despois a casa da dereita e el mesmo, cando quedou só, comprou outras dúas; de maneira que o comercio foi medrando cada vez máis, até o punto de que agora ameaza con comernos a todos!

Dirixíase a Denise, pero falaba para si, remoendo, cunha febril necesidade de se satisfacer, aquela historia que non o deixaba descansar. Na familia el era o bilioso, o violento de puños sempre pechados. A señora Baudu non interveu máis, inmóbil na súa cadeira; Geneviève e Colomban, cos ollos baixos, distraíanse arrexuntando e comendo faragullas de pan. Ía tanta calor, resultaba tan abafante a pequena estancia, que Pépé adormecera enriba da mesa e até a Jean se lle pechaban os ollos.

—Paciencia! —retomou Baudu, posuído por unha cólera repentina—, os fabricantes han levar nos fociños! Mouret atravesara unha crise, seino. Debeu meter todos os beneficios nas súas tolerías de ampliación e promoción. Ademais, para atopar capital tivo a ousadía de convencer a meirande parte dos seus empregados de que meteran os cartos na súa empresa. Así que agora está sen un can e, se non se produce un milagre, se non chega a

triplicar as vendas, como espera facer, xa veredes que desfeita!... Ai! Non vos son mesquiño, pero ese día heino marcar no calendario, palabra de honor!

Seguiu a falar cunha voz chea de rancor, diríase que a caída do Gozo das Damas había de restablecer a dignidade comprometida do seu comercio. Algunha vez se vira semellante cousa? Unha tenda de novidades onde se vendía de todo! Un bazar, logo! O persoal tamén estaba bonito: unha manda de pretensiosos que se comportaban como se estivesen nunha estación, que trataban mercadorías e clientes coma paquetes, despachando ao patrón ou sendo despachados por el cunha palabra, sen afecto, sen modais, sen arte ningunha! E, de súpeto, puxo a Colomban de testemuña: sen dúbida, el, Colomban, educado na boa escola, sabía de que maneira lenta e segura se acada o dominio das sutilezas, das picardías do oficio. A arte non estaba en vender moito, senón en vender caro. Ademais, podía dicir como o trataran a el, como chegara a converterse en parte da familia, como o coidaban cando enfermaba, como lle lavaban e remendaban a roupa, miraban por el paternalmente, como o querían, en definitiva!

—Por suposto —repetía Colomban a cada berro do patrón.

—Ti es o último, meu valente —acabou por declarar Baudu con tenrura—. Despois de ti, non haberá máis... Ti es o meu único consolo, porque se semellante trapallada é o que hoxe se chama comercio, eu xa non entendo nada e prefiro marchar do negocio.

Geneviève, coa cabeza inclinada cara a un ombro, como se a mesta cabeleira negra lle pesase de máis á súa fronte pálida, observaba ao dependente cun sorriso e no seu ollar había una sospeita, un desexo de ver se Colomban, comesto por algún remorso, non se ruborizaba ante tales eloxios. Pero, como mozo práctico nas comedias do vello negocio, mantivo o seu porte tranquilo, o seu aire benigno, co seu arteiro prego nos labios.

O Gozo das Damas

Porén, Baudu berrou máis forte, acusando a aquela trapallada de en fronte, a aqueles salvaxes que se masacraban entre eles coa súa loita a morte, de chegar a destruír a familia. E citou aos seus veciños, aos Lhomme, a nai, o pai, o fillo, todos tres empregados naquel telderete, xentes sen interior, sempre fóra, que non comían na casa máis que aos domingos, que levaban unha vida de hotel e de taberna, en definitiva! Certo, o seu comedor non era grande, podían até desexar máis luz e máis aire, pero cando menos podía facer vida alí, vivir á calor dos seus. Mentres falaba, os seus ollos percorrían a pequena estancia e apoderábase del un estremecemento ante a idea inconfesada de que algún día os salvaxes poderían, se acababan de matar o seu negocio, botalo daquel buraco onde sentía a calor da súa muller e da súa filla. A pesar da seguridade que afectaba no seu anuncio da caída final, no fondo estaba cheo de terror, sentía o barrio invadido, devorado pouco a pouco.

—Non é por desgustarte —insistiu, tratando de manter a calma—. Se che interesa entrar aí, serei o primeiro en dicirche: entra.

—Penso que si, meu tío —murmurou unha atordada Denise en quen medraba o desexo de estar no Gozo das Damas, no medio de toda aquela paixón.

Baudu pousara os cúbados na mesa, fatigábaa coa súa mirada.

—Pero a ver, ti que es do gremio, dime se é razoable que unha simple tenda de novidades se poña a vender calquera cousa. Nos tempos de antes, cando o comercio era honrado, as novidades incluían os tecidos, e máis nada. Hoxe en día, non teñen máis idea que subirlle no lombo aos veciños e papalo todo... Velaí de que se queixa o barrio, porque as tendas pequenas comezan a sufrir terriblemente. Ese Mouret arruínaas... Mira! Bédoré e irmá, a mercería da rúa Gaillon, xa perdeu a metade da clientela. Ma-

demoiselle Tatin, a lencería da pasaxe Choiseul, está a baixar os prezos, a loitar coas ofertas. E o efecto da praga, desta peste, faise sentir até na rúa Neuve-des-Petits-Champs, onde me dixeron que os irmáns Vanpouille, os peleteiros, non dan capeado o temporal... Dependentes a vender peles, eh? É moito de máis! Outra idea do Mouret!

—E luvas —dixo a señora Baudu—. Non é unha monstrosidade? Atreveuse a montar un departamento de luvas!... Onte, cando pasaba pola rúa Neuve-Saint-Augustin, estaba Quinette na porta cunha cara tan triste que non quixen nin preguntarlle se lle ía ben o negocio.

—E paraugas —respondeu Baudu—. Iso xa é o colmo! Bourras está convencido de que o Mouret só quere afundilo; porque, á fin e ao cabo, que ten que ver unha cousa coa outra, os paraugas cos tecidos?... Pero Bourras é duro, non se vai deixar enganar. Aínda habemos rir, un día destes.

Falou doutros comerciantes, pasoulle revista ao barrio enteiro. Por veces, escapáballe algunha confesión: se Vinçard trataba de vender, aos demais todos non lles quedaba máis que facer as maletas, porque Vinçard era coma as ratas, que liscan das casas cando están a piques de caer. E logo, deseguida, trasacordaba, soñaba cunha alianza, unha avinza de pequenos vendedores polo miúdo para facerlle fronte ao coloso. Un momento despois, dubidaba en falar de si, coas mans axitadas, a boca estarricada por un tic nervioso. Por fin, decidiuse.

—Eu, até o de agora, non teño demasiado de que queixarme. Oh! Claro que me fixo mal, o galopín! Pero de momento aínda non ten máis que tecidos para señoras, teas lixeiras para vestidos e panos máis rexos, para abrigos. Aínda veñen á miña casa comprar artigos de home, veludos para traxes de caza, libreas... sen falar das flanelas e os moletóns, que o desafío a ter un surtido

O Gozo das Damas

tan completo... É só que me encirra, cre facerme ferver o sangue porque montou un departamento de tecidos aí en fronte. Ti vícheslle o escaparate, non si? Con todo, chanta aí as súas máis fermosas prendas de confección, rodeadas de pezas de pano, un auténtico posto de saltimbanquis para atraer as mozas... Palavra de home honrado! A min caeríame a cara de vergoña de empregar semellantes métodos. O Vello Elbeuf é coñecido desde hai case cen anos, non ten necesidade de poñer semellantes andrómenas na porta. Mentres eu viva, a tenda ficará tal como a collín, coas súas catro pezas de mostra a dereita e esquerda, non máis!

A emoción apoderouse de toda a familia. Geneviève permitiuse tomar a palabra tras un silencio.

—A nosa clientela quérenos, papá. Hai que ter esperanza... Aínda hoxe viñeron a señora Desforges e mais a señora de Boves. Conto coa señora Marty para as flanelas.

—Eu —declarou Colomban— recibín onte un pedido da señora Bourdelais. É certo que me falou dun cheviot inglés que anuncian en fronte dez cadelas máis barato, o mesmo que temos nós, ao parecer.

—E pensar —murmurou a señora Baudu coa súa voz fatigada— que vimos esa casa de aí grande coma un pano da man! Así mesmiño, miña querida Denise, cando a fundaron os Deleuze non tiña máis que unha vitrina cara á rúa Neuve-Saint-Augustin, un verdadeiro roupeiro onde malamente cabían dúas pezas de lenzo da India con tres pezas de calicó. Non se podía unha remexer dentro da tenda, do pequena que era... Naquel tempo, o Vello Elbeuf, que existía desde había máis de sesenta anos, xa era tal como o ves hoxe... Ai, agora todo iso cambiou! Cambiouche ben!

Sacudía a cabeza, as súas palabras vagarosas relataban o drama da súa vida. Nacida no Vello Elbeuf, amaba até as súas pedras

húmidas, non vivía máis que por e para el e, noutrora orgullosa daquela casa, a máis forte, a máis ricamente abastecida do barrio, padecera o continuo sufrimento de ver medrar pouco a pouco a casa rival, antes desdeñada, despois igual en importancia, e logo pletórica, ameazante. Era para ela unha ferida sempre aberta; morría vendo o Vello Elbeuf humillado, vivía aínda, coma el, pola forza da inercia, pero sentindo que a agonía da tenda sería tamén a súa, que se apagaría o día que a tenda pechase.

Reinou o silencio. Baudu tocou a retirada repenicando coa punta dos dedos sobre o hule. Sentiu certo noxo, case un remorso, por ter desabafado así unha vez máis. Naquel abatemento, a familia toda, cos ollos vagos, seguía a remoer as amarguras da súa historia. Nunca lles sorrira a sorte. Cos fillos criados, chegara a fortuna, cando a competencia traía bruscamente a ruína. E aínda estaba a casa de Rambouillet, aquela casa de campo onde o comerciante de tecidos soñaba desde había dez anos con retirarse, unha bicoca, dicía, un edificio antigo que tiña que reparar continuamente, que decidira alugar e cuxos inquilinos non lle pagaban. As súas últimas ganancias ían para ela, non tivera máis que ese vicio na súa meticulosa probidade, obstinada nas vellas usanzas.

—Veña —declarou bruscamente—, hai que deixarlle a mesa aos outros... Aí van as palabras inútiles!

Foi como un espertar. O quinqué asubiaba no aire morto e ardente da pequena estancia. Levantáronse todos dun chimp, rompendo o triste silencio. Porén, Pépé durmía tan ben que o deitaron sobre unhas pezas de moletón. Jean, que bocexaba, volveu para a porta da rúa.

—E, para rematar, farás o que queiras —repetiulle de novo Baudu á sobriña—. Nós contámosche cousas, iso é todo... Pero os teus asuntos teus son.

O Gozo das Damas

Presionábaa coa mirada, agardaba unha resposta definitiva. Denise, en quen aquelas historias fixeran aumentar a fascinación polo Gozo das Damas, en lugar de disuadila, mantivo o seu aire tranquilo e doce, cunha teimuda vontade de normanda. Limitouse a responder:

—Xa veremos, meu tío.

E falou de subir a deitarse cedo cos rapaces, pois estaban os tres moi cansos. Pero aínda apenas deran as seis, e quixo quedar un momento máis na tenda. Fixérase noite, atopou a rúa negra, enchoupada por unha chuvía fina e densa que caía desde o solpor. Foi unha sorpresa para ela: abundaran uns intres e xa a calzada estaba esfurcada de poceiras; polos sumidoiros corrían augas sucias; unha lama espesa, empozada, impregnaba as beiras da rúa e, baixo a bátega, non se vía máis que o desfile confuso dos paraugas que se empurraban e se inflaban como grandes e escuras ás nas tebras. Inicialmente recuou, chea de frío, co corazón máis encollido aínda pola tenda mal iluminada, lóbrega a aquela hora. Un aire húmido, o alento do vello barrio, chegaba da rúa; parecía como se a auga que pingaba dos paraugas correira até os mostradores, que o pavimento, coa súa lama e as súas pozas, entrara e acabara de balorecer o vello baixo branqueado polo salitre. Era toda unha visión do antigo París mollado que a fixo estremecerse cun abraio aflito ao atopar a gran cidade tan fea e glacial.

Pero do outro lado da calzada o Gozo das Damas iluminaba as longas filas cos seus farois de gas. E ela achegouse, atraída de novo e como requecida por aquel fogar de luz ardente. A máquina seguía a rosmar, aínda activa, soltando o seu vapor cun último ruxido mentres os vendedores volvían dobrar os tecidos e os caixeiros contaban a recadación. Era, a través dos cristais descoloridos polo bafo, unha vaga profusión de claridades, todo un interior confuso de fábrica. Trala cortina de chuvía que caía,

aquela aparición distante, enleada, tomaba a aparencia dunha gigantesca sala de máquinas na que se vían pasar as sombras negras dos fogueiros sobre o lume encarnado das caldeiras. As vitrinas difuminábanse, xa non se distinguía, de fronte, máis que a neve dos encaixes, cuxo branco avivaban os vidros puidos dunha ringleira de candís e, sobre aquel fondo de capela, destacaban vigorosamente as prendas: o gran abrigo de veludo, enfeitado de raposo prateado, ofrecía o perfil dunha muller sen cabeza que corría cara a alguha festa no medio da chuvieria, nas descoñecidas tebras de París.

Denise, cedendo á sedución, viñera até a porta sen preocuparse das salpicaduras da chuvia, que a enchoupaban. A aquela hora da noite, co seu resplandor de forno, o Gozo das Damas acabou de posuíla por completo. Na gran cidade, negra e muda baixo a chuvia, naquel París que ignoraba, alumeaba como un faro, parecía a única luz, a única vida da cidade. Imaxinaba alí o seu porvir, moito traballo para criar os rapaces, xunto con outras cousas, non sabía cales, cousas remotas cuxo desexo e temor a fixeron estremecer. Volveulle ao pensamento aquela muller morta nos cimentos; tivo medo, creu ver sangrar a claridade; despois, a brancura dos encaixes acalmouna e subiulle ao corazón unha esperanza, unha certeza da alegría vindeira, mentres que a poalla que voaba no aire lle arrefriaba as mans e calmaba nela a febre da viaxe.

—É Bourras —dixo unha voz ás súas costas.

Asomouse e viu a Bourras, inmóbil ao cabo da rúa, diante da vitrina onde vira, pola mañá, toda unha enxeñosa construción feita de paraugas e bastóns. O enorme vello deslizárase nas sombras para arregalar os ollos con aquel escaparate triunfal e, coa dor na cara, non sentía sequera a chuvia que lle batía na cabeza espida cuxos cabelos brancos pingaban.

O Gozo das Damas

—É tolo —observou a voz—, vai enfermar.

Entón, revirándose, Denise viu que tiña de novo os Baudu detrás dela. A pesar de si mesmos, e coma Bourras, a quen crían tolo, sempre volvían para alí, para diante daquel espectáculo que lles mancaba o corazón. Era un desexo irrefreable de sufrir. Geneviève, moi pálida, constatara que Colomban miraba pasar as sombras das vendedoras sobre os espellos no entresollado e, mentres Baudu afogaba coa carraxe tragada, os ollos da señora Baudu enchéranse de bágoas, silenciosamente.

—Vaste presentar alí mañá, non si? —acabou por preguntar o comerciante de tecidos, atormentado pola incerteza e sentindo que a súa sobriña fora conquistada como todos os demais.

Ela dubidou e despois, con dozura, dixo:

—Vou, meu tío, a non ser que lle faga a vostede moito mal.

